



O NÓ DE CELULOSA: UN NOVO SCALEXTRIC?

Se a crise económica non o remedia, e todo fai pensar que os recortes van a afectar “só” aos servizos sociais e aos dereitos básicos das persoas, a “glorieta” da variante de Marín deseñada e imposta desde o Ministerio de Fomento para as inmediacións do complexo ENCE-ELNOSA (de aí o nome de “nó de celulosa” co que xa se lle coñece), vai ser unha triste realidade.

En efecto, o “nó de celulosas”, que como o propio trazado da variante de Marín temos denunciado en moitas ocasións, ameaza con se converter nunha nova agresión ambiental e paisaxística nunha zona abondo castigada xa polas actuacións das sucesivas administracións centrais, autonómicas e locais desde hai demasiado tempo. Non semella lóxico levar adiante esta infraestrutura no lugar proposto, pois vai conducir todo o tránsito rodado cara á autovía, unha zona chamada a ser recuperada para o uso e disfrute da cidadanía e que –por esta razón- precisa e esixe o peche inmediato e definitivo das instalacións fabrís de CELULOSAS e ELNOSA. E menos aínda cando existen outras alternativas.

E debemos lembrar aquí que o Ministerio de Fomento negouse a alonxar esta glorieta da liña de costa, unha alternativa moito máis racional e que mesmo podería permitir a conexión coa autoestrada, unha opción proposta no seu día –entre outros- pola APDR nas xuntanzas da ATUP (Área Territorial Urbana de Pontevedra) e que parece non se podía levar adiante pola negativa da empresa que explota a AP-9.

Unha volta máis, a administración ao servizo das grandes empresas e contra o interese da cidadanía. Verémonos algún día loitando para derrubar esta infraestrutura aínda non construída? Estaremos xa ás portas dun novo caso “scalextric”? As persoas máis novas non o chegaron a coñecer, e mesmo é posíbel que moitas das que o viviron o teñan xa esquecido, pero non hai moito que unha “tozudez” ministerial como a que agora denunciámos levou á construción dun paso elevado na rúa Lepanto de Vigo, unha obra absurda e rexeitada pola poboación viguesa. E, construída a obra e gastados os cartos, e despois dunha forte loita veciñal, o “scalextric” foi derrubado. Teremos que agardar nós tamén a que algún día alguén na administración se vexa obrigado a recoñecer este novo erro? Non sería mellor evitalo agora que aínda estamos a tempo?.

Pontevedra 1 de setembro de 2011

Pola Xunta Directiva da APDR,

Asdo.: Antón Masa